

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 31 DE MAIO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta e un de maio de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 31 de maio de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201805311801520000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2017, á sesión extraordinaria do día 14 de decembro de 2017 e á sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2017

Acceso á videoacta: Minuto 00:00:31

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do 30 de novembro de 2017, sesión extraordinaria do 14 de decembro de 2017 e sesión ordinaria do 28 de decembro de 2017.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- os vinte e un concelleiros que integran a Corporación na sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2017 e na sesión extraordinaria do día 14 de decembro de 2017
- vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2017 [os seis concelleiros do PP; os cinco concelleiros de UxC; os tres concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Proposta de disolución da Mesa de Contratación Permanente para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade, creada por acordo do pleno do 16 de setembro de 2015

Acceso á videoacta: Minuto 00:00:54

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de maio de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno municipal do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2015 (supletoria da correspondente ao día 26 de agosto de 2015), acordou constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 320 do antedito RDL 3/2011. Nesta Mesa estaban representados todos os grupos municipais, formando parte dela, en concreto, sete concelleiros electos (incluíndo ao alcalde ou concelleiro-delegado que exerce a presidencia da Mesa).

O 9 de marzo de 2018, entrou en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, en cuxa Disposición Adicional Segunda (referida ás competencias en materia de contratación nas entidades locais), no seu apartado 7, se establece que:

“A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario desta e formarán parte dela, como vogais, o secretario ou, de ser o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o interventor, ou, de ser o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutras que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos dela, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, de ser o caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros dela. Actuará como secretario un funcionario da Corporación.

(...)”

Segundo establece o artigo 326, apartado 4, da Lei 9/2017, os membros da Mesa **serán nomeados polo órgano de contratación**. No caso concreto do Concello de Cambre, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación en materia de contratación efectuada polo Sr. alcalde na Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, ou o Pleno da Corporación, no seu caso.

Por outro lado, o propio artigo 326, no apartado 5, parágrafo cuarto, establece que: *“As Mesas de contratación poderán, así mesmo, solicitar o asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. A dita asistencia autorizaráa o órgano de contratación e deberá ser reflectida expresamente no expediente, con referencia ás identidades dos técnicos ou expertos asistentes, á súa formación e á súa experiencia profesional.”*

Tendo en conta a nova regulación da Mesa de Contratación como órgano de asistencia ao órgano de contratación na vixente lei contractual, é necesario, pois, levar a cabo a disolución da Mesa de Contratación Permanente para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos creada por acordo do Pleno do Concello de Cambre de data 16 de setembro de 2015 (e acordos posteriores en relación ao nomeamento dos seus compoñentes), e por esta Alcaldía, dado o carácter técnico que o lexislador atribúe á Mesa de Contratación, e a posibilidade de asesoramento técnico independente segundo as materias relacionadas co contrato que a propia Mesa pode solicitar, non se considera necesario crear unha Mesa de Contratación Permanente, senón que o propio órgano de contratación, á vista do obxecto de cada contrato, deberá designar a súa composición atendendo, non obstante, á existencia obrigatoria de determinados vogais establecidos na lei (secretario/a e interventor/a).

Polo tanto, tendo en conta o exposto, a medio do presente formulo ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo a adoptar:

Disolver a Mesa de Contratación Permanente para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, creada por acordo do Pleno do Concello de Cambre do 16 de setembro de 2015 (e acordos posteriores en relación aos seus compoñentes).”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 24 de maio de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Aprobación, se procede, de crédito extraordinario e suplemento de crédito núm. 1/2018 para a aplicación do superávit orzamentario do exercicio 2017

Acceso á videoacta: Minuto 00:15:32

Vista a proposta de Alcaldía do día 21 de maio de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“A liquidación do Orzamento do exercicio 2017, aprobada por resolución da Alcaldía número 695/2018 de 28 de marzo de 2018, reflicte, entre outros, os seguintes datos:

- resultado orzamentario axustado do exercicio, 1.516.083,57 euros
- remanente de tesourería para gastos xerais, 3.205.575,36 euros
- capacidade de financiamento, 1.326.837,94 euros
- saldo da conta 413 Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto: 106.421,55 euros.

A Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control de la débeda comercial en el sector público, creou unha disposición adicional sexta na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostentabilidade financeira, recolle que as Corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e presupostaria que resulta da aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior, e, no caso de que, atendidas as anteditas obrigas, o importe antes sinalado se mantivese con signo positivo, se deberá destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no dito exercicio 2014. E despois das aplicacións anteriores, a Corporación Local tivera un saldo positivo, este se poderá destinar a financiar inversións sempre que ao longo da vida útil da investimento esta sexa financeiramente sostible.

Esta medida, inicialmente de aplicación ao superávit do exercicio 2014, foi prorrogada no seu día, aos superávits dos anos 2015 e 2016, e o real Decreto-lei 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo destas.

É por esto, que procede aplicar o remanente de tesourería para gastos xerais ao financiamento deste expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario por un importe total de 1.326.837,94 euros cos seguintes obxectos:

- para o financiamento das obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto», por importe total de 106.421,55 euros nas seguintes aplicacións:

Pro.	Eco.	Descrición	Importe
132	20400	Aluguer elementos transporte Seguridade e Orde Público	1.692,86
1532	21000	Mantem. Infraestruturas Pavimentac. Vías	149,09
160	22100	Enerxía eléctrica Saneamento	2.431,84
Pro.	Eco.	Descrición	Importe
165	22100	Enerxía eléctrica alumeadado público	51.460,28
171	21000	Mantemento infraestruturas parques e xardíns	145,20
171	22799	Servizo mantemento xardíns	1.191,85
231	22700	Limpeza atención social primaria	157,30
231	48000	Axudas emerxencia social	922,13
241	22199	Outros subministros fomento de emprego	763,80
241	22699	Outros gastos diversos formación de emprego	10,00
312	21200	Mantemento edificios centros de saúde	492,86
323	21200	Mantemento edificios ensinanza infantil e primaria	40,85
323	22100	Enerxía eléctrica ensinanza infantil e primaria	12.000,62
326	22609	Actividades culturais e deportivas educación	422,73
3321	22001	Prensa, revistas, e outras, bibliotecas	380,00
333	22609	Activ. culturais equipam. culturais e museos	1.429,30
334	21200	Mantem. Edificios promoción cultural	120,26
334	22000	Ordinario non inventariable promoción cultural	363,00
334	22609	Actividades culturais	1.151,00
337	22610	Programas Xuventude	12,92
341	22601	Atencións protocolarias Deportes promoc. e fomento	168,15
342	22100	Enerxía eléctrica instalacións deportivas	3.158,51
342	22699	Outros gastos diversos instalacións deportivas	363,00
342	62200	Instalacións deportivas	3.870,86
912	22601	Atencións protocolarias Órganos de goberno	302,50
920	21200	Mantemento edificios Admin. Xeral	145,20
920	21300	Mantemento maquinaria Admin. Xeral	838,26
920	21600	Mantemento equipos procesos información Admin. Xeral	465,85
920	22100	Enerxía eléctrica Admin. Xeral	7.740,14
920	22104	Vestiaro Admin. Xeral	16,09
920	22602	Publicidade e propaganda Admin. Xeral	1.089,00
920	62200	Edificios Admin. Xeral	11.049,43
924	22699	Outros gastos diversos Participación cidadá	31,15
		Total suplemento de crédito	104.576,03
433	22602	Publicidade e propaganda desenvolvemento empresarial	566,28
241	22100	Enerxía eléctrica centro de formación municipal	739,90
920	22701	Servizo de alarmas dependencias municipais	539,34
		Total crédito extraordinario	1.845,52
		Total modificación conta 413	106.421,55

- para o financiamento dos seguintes investimentos financeiramente sostibles:

Aplicación	Código proxecto	Nome proxecto	Importe
133/60900	2018/4/133/1	Aparcadoiro provisional contorno campo fútbol Brexo-Lema	17.000,00
133/60900	2018/4/133/2	Aparcadoiro provisional N VI. Contorno Vila Concepción	14.000,00
133/60900	2018/4/133/3	Actuación de seguridade vial mediante a rectificación de trazado do camiño codificado como 192 en Cela	14.000,00
133/60900	2018/4/133/4	Actuación de seguridade vial mediante a construción duna rotonda no camiño codificado como 183 de Cela	24.000,00
Total 133/60900			69.000,00
1532/60900	2018/4/153/4	Mellora do espazo público e rexeneración urbana en O Temple	543.894,66
1532/60900	2018/4/153/5	Reordenación ámbito urbano(estrada AC-214 e rúas Balado e outras), fase II	66.541,42
1532/60900	2018/4/153/6	Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 de A Barcala, Cambre.	39.324,82
1532/60900	2018/4/153/7	Remodelación da praza Europa en Cambre (Fase II)	120.000,00
1532/60900	2018/4/153/8	Reordenación do espazo peonil na rúa Estanque	45.000,00
Total 1532/60900			814.760,90
1532/61900	2018/4/153/9	Acondicionamento de beirarrúa en A Barcala	36.755,49
1532/61900	2018/4/153/10	Beirarrúas na mazá M3 de A Barcala	48.000,00
Total 1532/61900			84.755,49
342/62200	2018/4/342/3	Cerramento perimetral do polideportivo Portofaro	108.900,00
342/62200	2018/4/342/4	Cambio estético do polideportivo de O Temple	121.000,00
Total 342/62200			229.900,00
Total suplemento de crédito			1.198.416,39
333/62200	2018/4/333/1	Desmonte e muro perimetral en Brexo-Lema	22.000,00
Total 333/62200			22.000,00
Total crédito extraordinario			22.000,00
Total investimentos financeiramente sostibles			1.220.416,39

Por todo isto propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/2018 por importe de 1.326.837,94 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais co seguinte detalle:

Pro.	Eco.	Descrición	Importe
132	20400	Aluguer elementos transporte Seguridade e Orde Público	1.692,86
133	60900	Outras infraestruturas ordeación tráfico e estacionamento	69.000,00
1532	21000	Mantem. Infraestruturas Pavimentac. Vías	149,09
1532	60900	Infraestruturas novas pavimentación	814.760,90
1532	61900	Outros investimentos reposic. infraestrut. Pavimentac. vías	84.755,49
160	22100	Energía eléctrica Saneamento	2.431,84
165	22100	Energía eléctrica alumeadado público	51.460,28
171	21000	Mantemento infraestruturas parques e xardíns	145,20
171	22799	Servizo mantemento xardíns	1.191,85
231	22700	Limpeza atención social primaria	157,30

231	48000	Axudas emerxencia social	922,13
241	22199	Outros subministrados fomento de emprego	763,80
241	22699	Outros gastos diversos formación de emprego	10,00
312	21200	Mantemento edificios centros de saúde	492,86
323	21200	Mantemento edificios ensinanza infantil e primaria	40,85
323	22100	Enerxía eléctrica ensinanza infantil e primaria	12.000,62
326	22609	Actividades culturais e deportivas educación	422,73
3321	22001	Prensa, revistas, e outras, bibliotecas	380,00
333	22609	Activ. culturais equipam. culturais e museos	1.429,30
334	21200	Mantem. Edificios promoción cultural	120,26
334	22000	Ordinario non inventariable promoción cultural	363,00
334	22609	Actividades culturais	1.151,00
337	22610	Programas Xuventude	12,92
341	22601	Atencións protocolarias Deportes promoc. e fomento	168,15
342	22100	Enerxía eléctrica instalacións deportivas	3.158,51
342	22699	Outros gastos diversos instalacións deportivas	363,00
342	62200	Instalacións deportivas	233.770,86
912	22601	Atencións protocolarias Órganos de goberno	302,50
920	21200	Mantemento edificios Admin. Xeral	145,20
920	21300	Mantemento maquinaria Admin. Xeral	838,26
920	21600	Mantemento equipos procesos información Admin. Xeral	465,85
920	22100	Enerxía eléctrica Admin. Xeral	7.740,14
920	22104	Vestuario Admin. Xeral	16,09
920	22602	Publicidade e propaganda Admin. Xeral	1.089,00
920	62200	Edificios Admin. Xeral	11.049,43
924	22699	Outros gastos diversos Participación cidadana	31,15
		Total suplemento de crédito	1.302.992,42
241	22100	Enerxía eléctrica centro de formación municipal	739,90
333	62200	Edificios equipamentos culturais	22.000,00
433	22602	Publicidade e propaganda desenvolvemento empresarial	566,28
920	22701	Servizo de alarmas dependencias municipais	539,34
		Total crédito extraordinario	23.845,52
		Total modificación financiada por superávit	1.326.837,94

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 24 de maio de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Aprobación, se procede, do proxecto “Mellora do camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio”, incluído no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 da Agader

Acceso á videoacta: Minuto 00:34:56

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 7 de maio de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Por esta concellería propónse ao Pleno a aprobación do proxecto denominado “Mellora do camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio”, cun orzamento total de 46.553,06 €, para cuxa execución e segundo resolución número 220/2018 do concelleiro que subscribe a presente proposta, solicitouse o outorgamento dunha subvención por importe de 38.807,00 € (19.403,50 € para a anualidade 2018, e 19.403,50 € para a anualidade 2019), á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao abeiro da Resolución do 15 de decembro de 2017, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, publicada no DOG número 10 do 15 de xaneiro de 2018.

Neste plan de camiños da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) podíanse incluír actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais, exceptuados os das parroquias clasificadas como zonas densamente poboadas (ZDP).

Tendo en conta isto, pola concellería que represento decidiuse incluír neste plan a mellora do camiño codificado no Inventario de Camiños co número 0091, situado na parroquia de Pravio, por presentar unha importante deterioración debido ao número elevado de vehículos que transitan polo el, procedendo á reposición de capas de firme con AC 16 SURF 50/70 D (D-12) e posterior sinalización horizontal.

Por outra banda, de conformidade co establecido no artigo 12 da Resolución do 15 de decembro de 2017, o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2018 será o 17 de setembro de 2018, sendo o prazo final de xustificación o 3 de xuño de 2019, polo que unha vez veña aprobada a inclusión do proxecto no Plan de camiños, haberá que licitar a obra con tempo suficiente para poder executala, de xeito que se poida xustificar cando menos, a anualidade correspondente ao ano 2018, rematando o prazo o 17 de setembro de 2018.

Por este motivo faise necesario avanzar os trámites administrativos na medida do posible co fin de dispoñer de toda a documentación necesaria para poder licitar a obra tan pronto se reciba a aprobación por parte de AGADER.

Tendo isto en conta e que a teor do disposto no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, correspóndelle ao Pleno a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos, e como queira que o proxecto denominado “Mellora do camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio”, cun orzamento total de 46.553,06 €, non está incluído no orzamento municipal.

En base ao anterior, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o proxecto denominado "Mellora do camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio", cun orzamento total de 46.553,06 €, para o cal se solicitou unha subvención por importe de 38.807,00 € (19.403,50 € para a anualidade 2018, e 19.403,50 € para a anualidade 2019), á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao abeiro da Resolución do 15 de decembro de 2017, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2018-2019, publicada no DOG número 10 do 15 de xaneiro de 2018."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 24 de maio de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Resolución de alegacións e aprobación definitiva, se procede, da Ordenanza reguladora da protección dos camiños públicos, con motivo da execución de tallas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal

Acceso á videoacta: Minuto 00:36:44

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 14 de maio de 2018 que consta do seguinte teor literal:

"Vistas as alegacións presentadas por don José Elier Ojea Ureña, en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia, á aprobación inicial da Ordenanza reguladora da protección dos camiños públicos, con motivo da execución de tallas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal, e á vista do informe-proposta da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 14 de maio de 2018, formúlase ao Pleno como órgano competente, de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.-

I. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por don José Elier Ojea Ureña, en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia, polos seguintes motivos:

- No que se refire ao condicionamento da actividade forestal polas obrigas derivadas da regulación realizada, débese ter en conta que o obxectivo da presente ordenanza non é limitar a dita actividade forestal, senón procurar que esta se realice coas debidas garantías para preservar os camiños municipais.

- En canto á asunción polo concello de competencias que non lle son propias, a regulación desta materia está prevista como unha das competencias dos municipios, segundo os artigos 25.2 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2 d) Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, debendo considerarse ademais o disposto pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que establece no seu artigo 142 que

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que foran procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:(...)

i) A talla de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita talla se derivase da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos.

- No que se refire á carga administrativa que supón para as empresas do sector forestal o cumprimento da ordenanza, a documentación requirida e a mínima e imprescindible para que se poida coñecer a localización da talla, así como a súa magnitude e garantir a protección das vías municipais.

- A esixencia de aval considérase un medio eficaz para garantir a efectiva reparación dos danos ocasionados aos camiños, xa que as operacións de corta e saca de madeira constitúen obxectivamente un risco para a integridade das vías municipais, especialmente naquelas con limitación de circulación debida ao tonelaxe dos vehículos empregados, o cal fai que sexa razoable que cando se vaia realizar unha operación deste tipo se adopten medidas dirixidas a evitar ou reparar estes posibles danos, que por outra parte, son por desgraza moi habituais e cuxa reparación se dificulta enormemente debido á dificultade de identificar aos responsables unha vez realizados.

- En canto a relativa á posibilidade de non achegar as autorizacións sectoriais á comunicación previa, débese ter en conta o disposto polos artigos 144.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 16 e 29 da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos, non poderá presentarse a comunicación previa nin concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando foran procedentes de acordo co disposto na presente lei.

- O artigo 2.2 non esixe achegar documentación elaborada por outras administracións, senón que se identifique a parcela afectada nos planos de situación.

- En canto á necesidade de que se dea traslado aos interesados do informe previsto no artigo 2.3, non se contempla tal necesidade tendo en conta que o dito informe é unha comprobación municipal do estado no que se atopan os camiños que se van ver afectados pola talla solicitada antes de que esta sexa realizada, sen prexuízo de que os interesados poidan realizar as comprobacións oportunas do estado previo dos camiños e acheguen a dita información ao expediente en caso de consideralo conveniente.

- O artigo 4.7 establece que en ningún caso poderán iniciarse os traballos de talla, sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente, xa que este é un requisito para que a comunicación previa poida desprezar os seus efectos, constituíndo a infracción sancionable polo concello o inicio dos traballos carecendo do título habilitante municipal.

II. Estimar as seguintes alegacións presentadas por don José Elier Ojea Ureña, en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia:

- A relativa á posibilidade de substituír a indicación dos días nos que se van realizar os traballos e a indicación dos vehículos a empregar por unha declaración responsable de achegar esa información antes do inicio do traballos e cunha antelación mínima de 48 horas para que se poida realizar o control municipal.

- A relativa á falta de indicación da información a achegar para a licenza municipal, que deberá ser a mesma que para as comunicacións previas.

- Suprimir o artigo 4.2 pola posible contradicción co disposto polo artigo 95 da Lei 7/2012 de montes.

- Suprimir a referencia ao art. 28 da Lei 3/2007, de prevención de incendios de Galicia contida no artigo 2.2, ao estar derogado.

- Incluír no artigo 8.3 a necesidade de firmeza na sanción para que se poida aplicar a agravante de reincidencia.

Segundo: En vista do enriba exposto e á vista da proposta realizada polo concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, modificar os artigos que alí se indican, quedando a ordenanza municipal redactada como segue a continuación:

Ordenanza reguladora da protección dos camiños públicos, con motivo da execución de tallas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal

Exposición de motivos

A presente ordenanza ten como finalidade velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e deterioracións que poden sufrir como consecuencia das operacións de talla, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal.

Como sucede en gran parte do territorio galego dentro do noso termo municipal as zonas de uso residencial atópanse diseminadas e mesturadas coas zonas forestais, de xeito que nas distintas parroquias conviven os dous usos.

A actividade de aproveitamento forestal debe polo tanto facerse compatible coa conservación dos camiños e a seguridade viaria, xa que a utilización axeitada dos camiños municipais é un dereito que corresponde a todos os cidadáns.

Resulta tamén prioritario o interese en protexer as persoas, vivendas e outras edificacións fronte aos incendios forestais; e para iso é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

Todo isto esixe unha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do termo municipal, tanto para previr como para reparar, no seu caso, os danos e deterioracións ocasionados por estas actividades nos camiños municipais.

A regulación desta materia está prevista como unha das competencias dos municipios, segundo os artigos 25.2 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2 d) Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, tratándose dunha regulación de aspectos parciais dela e sen un impacto significativo na actividade económica para os efectos do disposto no artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 1º.- Obxecto

O obxecto desta ordenanza é a protección dos camiños municipais en relación cos danos e deterioracións que poden sufrir como consecuencia das operacións de talla, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal, a regulación dos lugares de depósito, almacenamento e carga da madeira, así como a esixencia da responsabilidade polos posibles danos producidos neles.

Artigo 2º.- Intervención administrativa nas tallas de masas arbóreas

1.- Cando se pretenda realizar a talla dunha masa arbórea dentro do termo municipal de Cambre será obrigatorio:

a) Se a talla se realiza en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística, a presentación dunha solicitude de licenza por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro, consonte ao modelo normalizado que se incorpora a esta ordenanza.

b) Nos restantes casos, a presentación dunha comunicación de talla por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro, consonte ao modelo normalizado desta ordenanza, cunha antelación mínima de

quinze días hábiles, sen prexuízo da obtención doutras autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a talla das plantacións forestais.

2.- Na comunicación de talla, ou no seu caso na solicitude de licenza de talla, deberá constar, segundo o modelo que se incorpora a esta ordenanza:

- Data na que se procederá á talla e data en que rematarán todos os traballos (incluíndo a retirada da madeira da parcela e dos restoballos resultantes).
- Identificación do propietario do monte e do madeireiro, con designación do representante deste no suposto de ser unha persoa xurídica.
- Especie da madeira obxecto de talla, así como toneladas a extraer.
- Identificación nun plano do catastro ou do SIXPAC do monte afectado e referencia catastral deste, así como indicación do lugar de depósito e viarios a utilizar para o transporte da madeira, debendo ter en conta para tal efecto o sinalado no art. 28 da Lei 3/2007, de prevención de incendios de Galicia.
- Identificación da/s empresa/s encargada/s da talla, depósito, carga e transporte da madeira (razón social, N.I.F., vehículos cos que se van a realizar as operacións de depósito, carga e transporte así como a indicación da súa marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado ou declaración responsable do interesado comprometéndose a presentar esta información cunha antelación mínima de 48 horas ao inicio dos traballos.
- Xustificante do título habilitante da Consellería competente en materia forestal, segundo modelo oficial.
- Autorización sectorial, cando proceda.
- Xustificante do depósito da garantía de acordo co establecido no artigo 4.4 desta ordenanza.

No suposto de tratarse dunha talla sen aproveitamento madeireiro, o titular do monte deberá comunicar igualmente a talla, indicando o seu motivo (obtención de leña para autoconsumo, enfermidade da especie, situación de perigo para as persoas e bens, etc...), e achegando o título habilitante da Consellería competente.

3.- Previamente ao inicio dos traballos, o madeireiro deberá presentar no rexistro municipal a solicitude de licenza ou comunicación de talla nos modelos normalizados que constan no anexo desta ordenanza, cunha antelación mínima de quinze días hábiles no caso das comunicacións, co obxecto de que os Servizos Técnicos municipais inspeccionen os viarios e accesos aos montes que vaian ser utilizados.

4.- Non se poderán utilizar as vías públicas para o almacenamento da madeira, aínda que se autoricen as operacións para a súa carga, debendo solicitarse de ser o caso, o permiso municipal correspondente para a ocupación de vía pública municipal, quedando suxeita ás taxas correspondentes. No suposto de referirse a vías de titularidade estatal, da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial da Coruña, con carácter previo deberá obter autorización destes organismos. Non obstante, as cunetas quedarán sempre limpas e en bo estado de utilización.

Artigo 3º.- Actividades excluídas

A efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de “tallas forestais” os seguintes traballos:

- Podas e refaldes en plantacións forestais
- Roza e limpeza de predios
- Clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
- Tallas puntuais de menos de 5 exemplares

Artigo 4º.- Requisitos e obrigas para os madeireiros ou propietarios que realicen a talla e o depósito, carga e transporte da madeira tallada

1.- O madeireiro encargado da talla será o responsable dos danos ocasionados nos lugares de talla, viarios de acceso, instalacións ou demais infraestruturas anexas, tanto como consecuencia da talla como do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado ao arranxo e reparación inmediata da deterioración producida neles, incluíndo a limpeza, retirada ou eliminación de residuos procedentes da talla e das operacións de carga e

almacenamento. No suposto de non ser identificado o mesmo, será responsable subsidiario o propietario do monte ou parcela.

As cantidades depositadas en concepto de garantía responderán da dita obriga, sen prexuízo de que no suposto de non ser suficientes, se recade a diferenza en concepto de ingreso de dereito público, coa correspondente vía de constrinximento, de ser necesaria.

2.- Nos supostos previstos nos dous apartados anteriores, o madeireiro ou o propietario, deberán atender ao requirimento de reparación ou limpeza que efectúe o concello, dentro do prazo que para tal efecto se outorgue.

3.- Establécense tres categorías para os efectos da fixación da correspondente garantía, segundo o peso máximo autorizado do vehículo de maior peso que se vaia a utilizar na realización das operacións de depósito, carga e transporte da madeira tallada:

- Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 TN: 1800 euros/ comunicación talla.
- Vehículos con peso máximo autorizado entre 16-24 TN: 3600 euros/comunicación talla.
- Vehículos con peso máximo autorizado superior a 24 TN: 5000 euros/comunicación talla.

Non obstante, a contía da dita garantía poderá ser incrementada polo concello cando as circunstancias o aconsellen, logo do informe dos técnicos municipais.

Cando o concello o estime oportuno, logo do informe dos técnicos municipais, poderase esixir a constitución dunha garantía xenérica que permita responder en cada caso dos danos que se poidan ocasionar como consecuencia delas. A contía da garantía nestes casos será proporcional á superficie da zona de afección das actuacións e determinarase polos técnicos municipais.

4.- As correspondentes garantías deberanse depositar na Tesourería Municipal mediante: fianza en metálico, aval solidario e por tempo indefinido, seguro de caución nos termos previstos para o depósito daquelas pola normativa reguladora de contratos do sector público.

A devolución das ditas garantías, deberá ser solicitada polos depositantes, requirindo previamente á resolución, informe dos servizos técnicos municipais, no que se deixe constancia de que non foron ocasionados danos nas vías, servizos e infraestruturas públicas municipais.

5.- Esta administración poderá limitar ou denegar o acceso polos viarios solicitados por mor da capacidade de resistencia do firme da vía ou do seu mal estado, ou pola utilización dos ditos viarios na data solicitada para outros fins, o que se porá en coñecemento do solicitante de forma motivada, coa achega do correspondente informe técnico ou da policía municipal, no prazo máximo de quince días dende a comunicación de talla, debendo realizar posteriormente unha nova comunicación de talla en caso de ser denegado o dito acceso.

6.- En ningún caso poderán iniciarse os traballos de talla, sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente, cando as parcelas obxecto da actuación, estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.

7.- As garantías reguladas neste artigo poderán ser igualmente esixidas cando a talla se estea a realizar noutro termo municipal, pero os vehículos teñan que circular por algún camiño de titularidade deste concello. Para tal efecto, unha vez que se teña coñecemento desta circunstancia, realizarase o oportuno requirimento ao madeireiro responsable.

Artigo 5º.- Potestades da administración

Unha vez que o Concello teña coñecemento da produción de danos ou da acumulación de residuos vexetais combustibles e logo do debido requirimento de emenda das deficiencias detectadas, o órgano municipal competente poderá realizar, con cargo á garantía depositada, as operacións de reparación, acondicionamento ou retirada de residuos, logo da audiencia do interesado polo prazo de dez días hábiles, sen prexuízo de recadar as cotas correspondentes en concepto de ingreso público, se os custos da dita operación non fosen totalmente cubertos co importe da garantía depositada.

O anterior, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento do previsto nesta ordenanza.

Artigo 6º.- Réxime sancionador

Constitúen infraccións administrativas, as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece esta ordenanza.

O procedemento sancionador, suxeitarase ao previsto nos artigos 54 e ss. da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e 25 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, iniciárase mediante resolución motivada da Alcaldía, ou de ser o caso, do concelleiro/a delegado/a, sendo o prazo máximo de resolución e notificación seis meses, transcorridos os cales, producírase a caducidade do procedemento con arquivo das actuacións, sen prexuízo do inicio dun novo expediente cando a infracción non prescribíse.

En calquera caso, con carácter previo á finalización do procedemento sancionador, a proposta do interesado, poderá efectuarse o remate convencional do procedemento, dando lugar á redución da sanción ata un 50%, sempre e cando este recoñeza súa responsabilidade e repare o dano ocasionado e/ou repoña os feitos que deron lugar ao expediente sancionador, no prazo que para tal efecto se fixe polo órgano municipal competente, renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación ao respecto.

A resolución que poña fin ao procedemento sancionador identificará aos responsables dos feitos, coa imposición das sancións individualizadas que procedan, ordenando de ser o caso os traballos de reposición, de reparación ou de limpeza das vías, servizos e infraestruturas que procedan, que poderán executarse con cargo ás garantías depositadas.

Artigo 7º.- Responsabilidade

Son responsables das infraccións administrativas as persoas físicas ou xurídicas que as cometan en calidade de madeireiro ou propietario do monte ou parcela.

En todo caso, será responsable o propietario no suposto de non identificar ao madeireiro, sinalando o seu NIF ou CIF e enderezo, cando sexa requirido polo concello, no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación.

Artigo 8º.- Clasificación das infraccións e sancións

1. As infraccións administrativas desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. As infraccións administrativas sancionaranse con multa nas seguintes contías:

- Infracción leve: ata 300 euros.
- Infracción grave: de 301 a 1000 euros.
- Infracción moi grave: de 1001 a 3000 euros.

3. Para a clasificación das infraccións e a determinación da contía da sanción, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b) A continuidade ou persistencia na conducta infractora.
- c) A natureza dos prexuízos causados
- d) A reincidencia por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así teña sido declarado por resolución firme en vía administrativa.

Artigo 9º.- Competencia

A competencia para a iniciación e resolución dos expedientes por infracción desta ordenanza, corresponde ao alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, debendo nomearse instrutor/a ou secretario/a, para os efectos de garantir a debida separación entre a fase instrutora e a resolutoria.

Artigo 10º.- Infraccións

1.-Constitúen infraccións moi graves:

- A realización das ditas actividades sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.
- Non proceder á reparación dos danos e/ou limpeza dos restos forestais dentro do prazo sinalado de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte da notificación do requirimento municipal.
- A reincidencia na comisión de tres infraccións graves da mesma natureza, no prazo dun ano, cando así teña sido declarado por resolución firme en vía administrativa.

2.-Constitúen infraccións graves:

- Non achegar a documentación requirida antes de efectuar a talla da madeira.
- Non achegar ou falsear os datos que se esixen segundo o artigo 2º desta ordenanza.
- A non comunicación da talla por parte do madeireiro no prazo sinalado.
- A reincidencia na comisión de tres infraccións leves da mesma natureza, no prazo dun ano cando así teña sido declarado por resolución firme en vía administrativa.
- A realización dos traballos de talla sendo denegada previamente a utilización da vía pública para a súa realización.
- Incumprimento polo propietario do monte ou parcela da obriga de identificar ao madeireiro.

3.-Constitúen infraccións leves:

Calquera acción ou omisión que infrinxa as disposicións desta ordenanza e non estea tipificada expresamente nela como moi grave ou grave.

4.- A imposición das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, non eximirá aos responsables dos feitos da obriga de reparar os danos ou deterioracións causados.

Artigo 11º.- Prescrición das infraccións

1.- As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.

2.- As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que foi imposta a sanción.

Disposición Final

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, e transcorrido o prazo previsto no art. 65.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I

LICENZA DE TALLA

DATA DE INICIO TRABALLOS:	DATA DE REMATE:
---------------------------	-----------------

DATOS DO MADEIREIRO

MADEIREIRO:	N.I.F. / C.I.F.	TELÉFONO:	
REPRESENTANTE DO MADEIREIRO:	N.I.F. / C.I.F.	TELÉFONO:	
ENDEREZO	C.P:	MUNICIPIO:	
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:

Documentación a xuntar:

- Fotocopia do NIF do solicitante, e de ser o caso, da persoa física ou xurídica á que represente.
- Título habilitante para aproveitamento madeireiro da Consellería competente en materia forestal (Consell. Medio Rural).
- Autorización sectorial correspondente, de ser o caso.
- Xustificante de pago da fianza segundo o artigo 4º.4 .
- Plano indicando os viarios a utilizar e zonas de depósito da madeira.
- Ficha catastral da/s parcelas afectadas.

ANEXO II

COMUNICACIÓN DE TALLA

DATA DE INICIO TRABALLOS:	DATA DE REMATE:
---------------------------	-----------------

DATOS DO MADEIREIRO

MADEIREIRO:	N.I.F. / C.I.F.	TELÉFONO:	
REPRESENTANTE DO MADEIREIRO:	N.I.F. / C.I.F.	TELÉFONO:	
ENDEREZO	C.P.	MUNICIPIO:	
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:

Documentación a xuntar:

- Fotocopia do NIF do solicitante, e de ser o caso, da persoa física ou xurídica á que represente.
- Título habilitante para aproveitamento madeireiro da Consellería competente en materia forestal (Consell. Medio Rural).
- Autorización sectorial correspondente, de ser o caso.
- Xustificante de pago da fianza segundo o artigo 4º.4 .
- Plano indicando os viarios a utilizar e zonas de depósito da madeira.
- Ficha catastral da/s parcelas afectadas.

ANEXO III

DATOS DA PARCELA

REF. CATASTRAL DA PARCELA	LUGAR- PARROQUIA	SUP. PARCELA (M2)
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAÍDA:	TONELADAS EXTRAÍDAS:
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAÍDA:	TONELADAS EXTRAÍDAS:
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAÍDA:	TONELADAS EXTRAÍDAS:
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAÍDA:	TONELADAS EXTRAÍDAS:
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAÍDA:	TONELADAS EXTRAÍDAS:
SUP.TOTAL TALADA (M2):		Tn TOTAIS EXTRAÍDAS:

DATOS DO PROPIETARIO DA PARCELA

PROPIETARIO DA PARCELA:	N.I.F./ C.I.F.:	TELÉFONO:
ENDEREZO:	C.P.:	MUNICIPIO:
TALLA SEN APROVEITAMENTO MADEIREIRO: SI / NON		
MOTIVO:		

DATOS DA EMPRESA TRANSPORTISTA

TRANSPORTISTA:	N.I.F./ C.I.F.:	TELÉFONO:	
ENDEREZO:	C.P.:	MUNICIPIO:	
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
DATA RECOLLA MADEIRA:	TN A TRANSPORTAR:		
DATA RECOLLA MADEIRA:	TN A TRANSPORTAR:		

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 24 de maio de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre no ámbito da N-VI

Acceso á videoacta: Minuto 00:41:17

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 21 de maio de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“En relación co proxecto de modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI redactado polo arquitecto don Alfonso Díaz Revilla da Oficina de Planeamento, S.A..

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 18 de maio de 2018.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior con data do 21 de maio de 2018.

Por esta Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

1º.- Aprobar inicialmente a Modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI, redactada polo arquitecto don Alfonso Díaz Revilla da Oficina de Planeamento, S.A..

2º.- Someter este instrumento de planeamento, así como o seu expediente, a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co artigo 60-6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

3º.- Trasladar esta documentación á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, de conformidade co apartado 7 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

4º.- Solicitar os informes sectoriais non autonómicos preceptivos esixidos despois da aprobación inicial de conformidade coa lexislación vixente.

5º.- Suspende o outorgamento de títulos habilitantes de natureza urbanística ou de actividades, xa sexan licenzas ou comunicacións previas, no ámbito territorial obxecto desta modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre durante o prazo máximo de dous anos contado a partir da data da aprobación inicial deste instrumento de planeamento, que se extinguirá en todo caso coa súa aprobación definitiva, de conformidade co artigo 47-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 24 de maio de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos). E abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, cumpriéndose coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2. II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Aprobación, se procede, da prórroga do contrato para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple

Acceso á videoacta: Minuto 01:24:15

Vista a proposta de Alcaldía do día 21 de maio de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Visto que, coa data do 30 de xuño de 2005, asinou se coa entidade “HEBE SPORT, S.L.” un contrato para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple (Expediente: 2004/25-1 CON.O. P.).

Visto que, na cláusula quinta do contrato, e cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese que a duración do contrato, será de dez anos, contados desde o día seguinte á súa formalización, e poderá ser

obxecto de prórrogas que no seu conxunto non poderán exceder doutros cinco anos, logo do acordo expreso adoptado polo órgano de contratación, a petición do adxudicatario antes da finalización do contrato principal, e, posteriormente, á finalización de cada período de prórroga. Continúa a cláusula quinta indicando que *“Este prazo concesional poderá, non obstante, ampliarse ou reducirse nos supostos previstos no art. 248 do TRLCAP, sen que a súa duración máxima total poida superar os quince anos”*.

Visto que o Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión de data 21 de maio de 2007, acordou modificar o contrato, afectando esta modificación, entre outros aspectos, á ampliación do prazo principal de duración da concesión, no sentido de ampliar o período de duración do contrato principal a doce anos, o que leva consigo que **o contrato suscrito abarcaba, no seu período principal, ata o día 30 de xuño de 2017 incluído**. O contrato modificado foi asinado coa entidade adxudicataria o 29 de maio de 2007, sendo posible a súa prórroga nos termos establecidos inicialmente, e respectando o prazo total máximo de duración de quince anos (é dicir, como máximo, ata o 30 de xuño de 2020).

Visto que o Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día vinte e cinco de maio de 2017, adoptou o acordo de prorrogar, **ata o 30 de xuño de 2018 incluído**, o contrato suscrito coa entidade “HEBE SPORT, S.L.” para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple (Expediente: 2004/25-1 CON.O. P.), isto sen prexuízo de que, antes do vencemento deste prazo, se poidan adoptar novas prórrogas, á vista do establecido na cláusula quinta do contrato, e cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e sen que a duración total do contrato poida exceder de quince anos.

Visto o escrito presentado por don Pablo Soto Díaz, con DNI 46895105Z , en representación da entidade adxudicataria “HEBE SPORT, S.L.” rexistrado de entrada o día 15 de maio de 2018 ao número 3/936, no que se solicita se prorrogue o referido contrato ata o 31 de decembro de 2018.

Visto informe-proposta favorable a prórroga, emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, coa data do 16 de maio de 2018, xustificada en que o complexo deportivo da Barcala é a instalación máis complexa e importante, coa oferta de programas deportivos de natación, actividades físicas dirixidas e actividade cardiovascular e de acondicionamento físico, e ante a próxima apertura das piscinas descubertas durante a temporada estival.

Tendo en conta que a entidade adxudicataria está solicitando en prazo a prórroga permitida polo prego que contén as condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, e que o expediente de contratación tramitado contou cos preceptivos informes favorables respecto do cumprimento da normativa vixente no momento da súa incoación e modificación (informes de datas 14 de outubro de 2004 –expediente contractual-, e 18 de maio de 2007 –acordo de modificación).

Visto que actualmente se atopa en fase de preparación un novo expediente de contratación para a adxudicación dunha nova xestión do complexo deportivo da Barcala e das piscinas descubertas de Cambre, O Temple e Castros do Bosque.

Tendo en conta, así mesmo, que o órgano competente para acordar o presente acordo de prórroga é o Pleno da Corporación, por corresponderlle a competencia para as contratacións plurianuais cando a súa duración exceda de catro anos, segundo establecen o artigo 29.2 e maila Disposición Adicional Segunda, punto 2, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE , do 26 de febreiro de 2014.

Ao abeiro do establecido na cláusula quinta do contrato principal, cláusula terceira do contrato modificado, e cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares , propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Prorrogar, ata o **31 de decembro de 2018 incluído**, o contrato suscrito coa entidade “HEBE SPORT, S.L.” para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple (Expediente: 2004/25-1 CON.O. P.), isto sen prexuízo de que, antes do vencemento deste prazo, se poida adoptar unha nova prórroga , á vista do establecido na cláusula quinta do contrato principal, cláusula terceira do contrato modificado, e cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e sen que a duración total do contrato poida exceder de quince anos.

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade “HEBE SPORT, S.L.”, con CIF: B15890809 e enderezo na rúa Venezuela nº 3, 3º esquerda, Sada (A Coruña), así como ao departamento de Deportes ,e máis á Intervención municipal, para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 24 de maio de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona Mª Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona Mª Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Vota en contra a concelleira de C's, integrante do GM (dona Mª José García Hidalgo). E abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona Mª Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta Mª Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona Mª Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2018-2019

Acceso á videoacta: Minuto 01:29:00

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación do día 21 de maio de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre vén concedendo dende hai case 26 anos, bolsas de estudo como acción de fomento destinadas a familias con escasos recursos económicos e con fillos en centros escolares, cursando segundo ciclo de Educación Infantil e Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos, en exercicio das competencias e de conformidade co disposto no Regulamento de servizos das corporacións locais.

Dende o Concello de Cambre preténdese conceder axuda económica por medio da convocatoria de bolsas de estudo ás familias do alumnado do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.

O alumnado de educación primaria ten axuda da administración educativa para libros de texto e material escolar pero non para uniformidade ou vestiario destinado á escolarización. Por iso, mantense nesta convocatoria a axuda para uniformidade ou vestiario destinado á escolarización para o alumnado de educación primaria pero minorando a cantidade xa que neste caso só se destina para un dos tres conceptos para os que se destina a axuda.

Por todo iso, visto o informe favorable emitido dende o departamento de Educación e vista a providencia da concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación de data 21 de maio de 2018, proponse ao Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar as Bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2018 - 2019, e o formulario de solicitude (anexos I, II, III, IV e V das Bases), así como a súa convocatoria, tal e como se transcribe a seguir:

PRIMEIRA: Obxecto:

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización dos nenos e nenas ou necesaria para a formación para o curso 2018/2019, como acción de fomento destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando o 2º ciclo de educación

infantil (4º, 5º e 6º EI), educación primaria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos (tal e como se especifica na base segunda desta convocatoria).

SEGUNDA: Gastos subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados da compra de libros de texto, material escolar e uniformes escolares segundo o curso ao que lle corresponda:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Libros de texto, material escolar e uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización.
- **Alumnado de Educación Primaria:** uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización.
- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Libros de texto e material escolar.

Non se considerará material escolar para os efectos das presentes bases os gastos de investimentos e a adquisición de aparatos de novas tecnoloxías tales como ordenadores, impresoras, tablets,...

TERCEIRA: Dotación orzamentaria:

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 18.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2018 326 48100 "Becas de estudo e libros educación" no actual orzamento municipal.

CUARTA: Beneficiarios:

1.- Poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroadado no Concello de Cambre con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda (polo menos o alumno cun dos proxenitores).
- 2) Estar matriculado nun centro escolar público no curso escolar obxecto da convocatoria, para o curso para o que solicita a bolsa.
- 3) Convivir co solicitante da bolsa.
- 4) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 9.000,00 euros.
- 5) Presentar a solicitude da axuda no prazo establecido en modelo normalizado ao efecto, e achegar toda a documentación requirida.
- 6) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de axudas segundo o disposto no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións.

Quedan excluídos da presente convocatoria os alumnos que cursen educación secundaria obrigatoria e educación especial, durante o curso escolar obxecto da convocatoria.

Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

2.- As axudas poderán ser solicitadas polo representante legal, pai, nai ou titor do alumno ou alumna (que é o beneficiario da axuda).

QUINTA: Renda per cápita anual familiar:

Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obtense por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2017, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros 415 base imponible xeral) e o 435 (base imponible do aforro) da declaración.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2017, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a **unidade familiar**:

- Os cónxuxes, parellas de feito, ou os titores legais
- Menores de idade que convivan no mesmo domicilio.
- Solteiros menores de 26 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmentemente mediante o correspondente xustificante de empadramento.

No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el/ela, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción ou libro de familia onde conste tal feito.

No caso de separación legal, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e, si é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos proxenitores que teña as fillas e fillos a cargo; non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa.

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor e onde conste o importe da pensión recibida polo que corresponda en relación a gastos de manutención e/ou outros. No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de nulidade, separación ou divorcio, o perceptor da axuda será o proxenitor que teña atribuída a custodia do menor de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

En aplicación do estipulado no artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2017, deberá documentarse o exercicio 2018 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- En caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2018 que aparezan na vida laboral, ou certificado de empresa oficial onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.
- En caso de desemprego:
 - Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara.
 - Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.
- En caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2017 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

SEXTA: Solicitudes:

As solicitudes, formuladas no modelo normalizado, dirixiranse ao Alcalde, podendo presentarse en calquera dos rexistros do Concello de Cambre, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será do 3 ao 28 de setembro de 2018 do que se informará a través da publicación no Boletín Oficial da Provincia e de publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

SÉTIMA: Documentación:

As solicitudes de subvención deberán presentarse **no formulario de solicitude** que figura como anexos nas presentes bases e que se facilitará en calquera dos rexistros do Concello, podendo descargarse na páxina web municipal (www.cambre.org) ou recollese no departamento de Educación:

- anexo I: Solicitud
- anexo II: Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables maiores de idade, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á Axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda (IRPF), así como autorización do alumno maior de idade de comprobación de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias.
- anexo III: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social do beneficiario, alumno/a maior de idade.
- anexo IV: Declaración do solicitante de que a unidade familiar non solicitou nin percibiu outra axuda para a mesma finalidade.
- anexo V: Autorización para solicitar datos á Administración educativa sobre a matrícula realizada no centro escolar no curso 2018/2019.

O formulario de solicitude deberá ir acompañado dos seguintes documentos que conforman a documentación propia do solicitante e/ou beneficiario da bolsa de estudo:

- Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios (cando por idade teñan obriga de telo).
- Fotocopia do libro de familia ou documentación que o substitúa.
- Certificado ou documento que acredite o número IBAN de conta bancario a nome do beneficiario, ou do solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.
- Fotocopia do certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2018-2019. Deberá presentarse unicamente por aqueles que non autoricen expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración educativa.
- Fotocopia ou orixinal de facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto, uniformes escolares e vestuario, emitida a nome do beneficiario, solicitante (ou cónxuxe) da bolsa de estudo.

Deberá presentarse factura ou factura simplificada, na que deberán figurar, en todo caso, os seguintes datos:

- CIF, NIF ou NIE do establecemento.
- Datos do titular do establecemento.
- Data de expedición e número de factura.
- Data de realización da operación, se non é a mesma que a de expedición.
- Datos do beneficiario ou solicitante da bolsa de estudo (ou cónxuxe).
- Concepto do adquirido detallado.
- Prezo unitario de cada concepto e número de unidades adquiridas
- Tipo impositivo, ou expresión "IVE incluído".
- Importe total.
- Deberase acreditar o pago da factura ou ben constar na mesma a expresión "PAGADO".

A factura deberá estar individualizada por beneficiario (alumno/a)

Os tiquets non terán validez como xustificantes válidos de gasto.

- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar nos supostos de modificación da situación familiar existente no 2018 segundo o disposto na base quinta da convocatoria.

Se é o caso:

- Fotocopia do título de familia numerosa.

- Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez onde conste o importe das pensión por gastos de manutención do menor ou outros.
- Fotocopia do certificado de minusvalía.
- Pensionistas: xustificante da pensión mensual e número de meses que a percibe.
- Perceptores do RISGA e RAI: Xustificante da contía mensual actual e fotocopia do documento de notificación da concesión.

Nota.- Os solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, xa que as fotocopias se fan no rexistro de entrada municipal no momento de presentar a documentación.

Poderase requirir polo concello calquera outra documentación complementaria á indicada que se considere necesaria para maior clarificación da situación acreditada ou compulsada da presentada se a copia simple presentada xera dúbidas de autenticidade.

Incorporarase de oficio ao expediente o volante de empadramento no concello de Cambre.

OITAVA: Revisión de solicitudes e subsanacións:

Rematado o prazo de solicitude, procederase á comprobación do cumprimento de requisitos e revisión da documentación.

Notificarase ao interesado a documentación a subsanar, se é o caso, e prazo para as subsanacións coa indicación de que, si esta non se producira, terase por desistido da súa solicitude, arquivándose previa resolución que deberá ser dictada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOVENA: Valoración e resolución das solicitudes:

Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar.

A valoración realizarase, segundo o baremo seguinte:

- a) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 2.500,00 euros, **25 puntos**.
- b) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 2.500,01 euros e 4.500,00 euros, ambos incluídos, **15 puntos**.
- c) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 4.500,01 euros e 9.000,00 euros, ambos incluídos, **10 puntos**.
- d) Por cada membro da unidade familiar que presente algunha minusvalía, 3 puntos, por cada un deles.
- e) Por ter o título de familia numerosa, **2 puntos**.
- f) Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, **1 punto**.

Seguidamente, o Concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación resolverá o outorgamento das bolsas, correspondéndolle ao Alcalde o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria.

DÉCIMA: Número de bolsas e contía económica:

Concederanse 85 bolsas de estudo de 120,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos do 2º ciclo de educación infantil, 66 bolsas de 50,00 euros cada unha destinadas aos alumnos de educación primaria e 30 bolsas de 150,00 euros cada unha destinadas aos alumnos de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos.

Outorgaranse aos beneficiarios que obteñan maior puntuación segundo o baremo exposto.

No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior. Se fose o caso de bolsas sobrantas dunha das categorías, pasarían á categoría que máis solicitudes queden sen outorgar por falta de crédito automaticamente.

Se o importe de gasto validamente xustificado mediante facturas fora inferior ao importe da bolsa, a bolsa concederáse e abonarase polo importe xustificado. Só se terán en conta, para os efectos de xustificación do gasto realizado, os importes totais ou parciais nas facturas presentadas e emitidas por conceptos que constitúan obxecto de subvención na presente convocatoria, é dicir, material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización.

Unha vez outorgadas as bolsas de estudo, procederáse ao pagamento das mesmas en pago único.

UNDÉCIMA: Obrigas dos beneficiarios:

Os beneficiarios estarán obrigados a:

- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.
- Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
- Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de catro anos.
- Proceder ao reintegro do percibido en exceso, en caso de incumprimento.

Para o suposto de alumnos ou alumnas menores de idade, responderán das obrigas derivadas da convocatoria os solicitantes da bolsa de estudo, en canto ostentan a patria potestade ou tutoría do menor.

DUODÉCIMA: Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

DECIMOTERCEIRA:

Para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2018, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

ANEXO I

SOLICITUDE BOLSAS DE ESTUDO CURSO ESCOLAR 2018/ 2019

SOLICITANTE (alumno/a maior de idade ou pai, nai, titor legal): Nome e apelidos: _____, DNI: _____, Domicilio: _____, Municipio _____, Provincia _____ Cód.Postal. _____, Teléf.: _____; Teléfono móbil: _____. Nai/pai, segundo proceda, que non sexa o solicitante (no caso de non estar separado ou viúvo): Nome e apelidos: _____, D.N.I.: _____



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SOLICITA a Bolsa de Estudo para o curso escolar 2018/2019 do Concello de Cambre para o /a alumno /a:

1) Nome e apelidos: _____ Centro escolar: _____

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Curso: _____

Libros de texto / Material escolar / Vestiario

- **Alumnado de Educación Primaria:** Curso: _____

Vestiario

- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Curso: _____

Libros de texto / Material escolar

2) Nome e apelidos: _____ Centro escolar: _____

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Curso: _____

Libros de texto / Material escolar / Vestiario

- **Alumnado de Educación Primaria:** Curso: _____

Vestiario

- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Curso: _____

Libros de texto / Material escolar

3) Nome e apelidos: _____ Centro escolar: _____

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Curso: _____

Libros de texto / Material escolar / Vestiario

- **Alumnado de Educación Primaria:** Curso: _____

Vestiario

- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Curso: _____

Libros de texto / Material escolar

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Anexo II: Autorización de comprobación de datos tributarios.
- Anexo III: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Anexo IV: Declaración de non percibir a unidade familiar axuda ningunha para a mesma finalidade.
- Anexo V: Autorización para solicitar datos sobre a matrícula do curso escolar 2018/2019.
- Certificado ou documento que acredite o número IBAN de conta bancario a nome do beneficiario, ou do solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.

Fotocopia dos seguintes documentos :

- DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios.
- Libro de familia ou documentación que o substitúa.
- Facturas xustificativas dos gastos realizados individualizada por beneficiario.
- Título de familia numerosa.
- Sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez.
- Certificado de minusvalía.



- Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios curso escolar 2018/2019 (só os que non autoricen expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración educativa).
- Outros.....

Cambre, ____ de _____ de 2018.

Asinado: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión de Bolsas de Estudo Concello de Cambre, sendo beneficiario ou posible beneficiario a persoa que figura no apartado A da presente autorización.

A presente autorización outógase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención mencionado anteriormente, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio establecido na convocatoria de Bolsas.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos):

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, ____ de _____ de 2018.

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

Esta Autorización deberá cubrirse unicamente polo/a alumno/a e para o caso de que este/a sexa maior de idade

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS

A persoa abaixo asinante autoriza ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das bolsas de estudo correspondentes ao curso escolar 2018/2019.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento sinalado, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do cumprimento das súas obrigas tributarias.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

NOME E APELIDOS: _____

NIF: _____

Cambre, ____ de _____ de 2018.

SINATURA: _____

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

Esta Declaración deberá asinarse unicamente polo/a alumno/a maior de idade

Don/ Dona _____, con DNI
_____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas
de Estudo curso escolar 2018/ 2019 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Cambre, ____ de _____ de 2018.

Asdo.: _____

ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE

Don/ dona _____,
con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2018/2019 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que por parte de ningún dos membros da unidade familiar foi solicitada nin se percibiu axuda ningunha para a mesma finalidade e mesmo concepto.

Cambre, ___ de _____ de 2018.

Asdo.: _____

Nota: Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

ANEXO V

AUTORIZACION PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA SOBRE A MATRÍCULA DO CURSO ESCOLAR 2018/2019

Don/ dona _____,
con DNI _____, de conformidade co establecido nas Bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2018/2019 do Concello de Cambre,

AUTORIZO ao Concello de Cambre a solicitar á Administración educativa da Xunta de Galicia información relativa ao centro escolar e curso no que está matriculado o/s alumno/s ou a/s alumna/s para os que se solicita a Bolsa de estudio correspondente ao curso escolar 2018/2019.

Cambre, ___ de _____ de 2018.

Asdo.: _____

Segundo: Aprobar o gasto de *dezaoito mil euros* (18.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2018 326 48100 "Becas de estudo e libros educación".

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia* e darlles publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 24 de maio de 2018.

Acceso á videoacta: Minuto 01:29:22 – Faise constar que se ausenta temporalmente da sesión o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, pasando a presidir a sesión don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, primeiro tenente de alcalde. Transcorridos sete minutos, e antes da votación do punto, reincorpórase á presidencia o señor alcalde.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.8. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 01:41:38

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 01:41:39

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 01:41:42

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG), respecto do futuro da Vía Ártabra. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María

Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG), respecto do futuro da Vía Ártabra, sobre a súa conexión coa AP-9, da súa continuidade ata a A-6 e sobre a esixencia de que sexa libre de peaxe

Acceso á videoacta: Minuto 01:43:30

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“Con data 29 de xullo de 2004, apróbase definitivamente o “Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo” (DOG núm. 183 do 20 de setembro de 2004).

Entre as determinacións deste plan sectorial destacaban, como esenciais para a correcta funcionalidade da rede:

- Que a conexión coa AP-9 fora “libre de peaxe”. En concreto no apartado de conclusións di: *“Completar o enlace en Catro Camiños (libre de peaxe)”*.
- Que o trazado debe completarse ata a A-6.

No documento aprobado reitérase, unha e outra vez, que a Vía Ártabra constitúe unha arteria de comunicación de vital importancia entre os concellos da bisbarra e que para o bo funcionamento deben darse as dúas condicións sinaladas anteriormente.

Con data 27 de marzo de 2009, apróbase definitivamente o “Proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental: Vía Ártabra, treito AC-221 (Polígono de Cambre) – Autoestrada AP-9 – Autovía A-6” (DOG núm. 78, do 23 de abril de 2009).

Neste documento a conexión Vía Ártabra – AP-9, resólvese na Gándara, non en Catro Camiños, con praia de peaxe. A xustificación, naquel momento, é que Fomento non informa favorablemente o enlace libre de peaxe. Non hai outra xustificación, nin seguridade viaria, nin mellor conexión, só que Fomento emite informe contrario á conexión sen peaxe.

Contra esta resolución o Concello de Cambre interpón recurso de reposición atendendo, ademais doutras cuestións, ao incumprimento, do proxecto de trazado e das devanditas determinacións previstas no Plan sectorial para a eficaz funcionalidade da infraestrutura:

Lembramos que este recurso aínda non foi contestado a día de hoxe.

Con data de febreiro de 2017, a Xunta de Galicia expón publicamente o proxecto construtivo, sen máis explicacións. Lembramos que para desenvolver un proxecto é conveniente que primeiro se resolvan as alegacións, por seguridade xurídica, dos recursos presentados a este. En definitiva, a contestación por parte da consellería foi: Nin caso, non sabe, non contesta.

Con data 30 de marzo de 2017, o Concello de Cambre volve presentar alegacións, neste caso ao proxecto construtivo, nas que se volve a lembrar:

- A falta no expediente dun documento esencial como é o informe de Fomento en canto a que acepta e confirma que a conexión coa AP-9 vai producirse sen peaxe. Sen este documento estamos a presentar un proxecto que deixa indefinido un dos aspectos fundamentais.
- Que a consellería nega a posibilidade de estudar a alternativa de realizar o enlace en Catro Camiños. Limitase a dicir no xornal que é por razóns de seguridade viaria, e a repetilo como un credo que debe ser aceptado, pero non presenta razóns que o confirmen.

É por isto que o Concello de Cambre realiza un estudo comparativo das dúas opcións posibles:

- Por unha banda, á da Xunta, que sitúa o enlace da AP-9 na Gándara sen definir se vai ter peaxe ou non.
- Por outro, a opción de conectar en Catro Camiños libre de peaxe. Este estudo vén obrigado dende o artigo 21.2 da Lei 8/2013, de estradas, sobre as alegacións a presentar, e di: *"Deberán versar sobre a concepción global do trazado das distintas alternativas"*. En definitiva ten que haber alternativas para comparar e elixir a que se crea mellor.

Este estudo baséase na análise de diversos factores que inflúen no proxecto, como son:

- Custo da construción
- Funcionalidade
- Aspectos ambientais
- Planificación territorial

A conclusión dos técnicos municipais sinala: *"á vista da análise realizada, propónse como alternativa máis axeitada a Alternativa 2, que acada un 86,5% da puntuación máxima (165), fronte ao 52,4% que acada a Alternativa 1."*

A Alternativa 2, que propón o Concello de Cambre, enlace en Catro Camiños libre de peaxe que ten un orzamento de 12.000.000 euros respecto dos 24.000.000 euros previstos e ademais adianta o trazado, na súa conexión coa A-6 en algo máis dun quilómetro. Ademais detéctanse no proxecto presentado, catro incumprimentos graves da instrución de Estradas, no ramal de conexión coa AP-9."

Como comentario, aclarar que o concello presentou cinco solucións para o entronque en Catro Camiños e libre de peaxe.

Así mesmo, o concello púxose a disposición da consellería para que se concertaran as reunións necesarias, a nivel técnico e político, para dar unha solución razoable aos problemas formulados.

A resposta foi que o pasado 19 de maio publicouse unha nova nun medio de comunicación que anunciaba o comezo das expropiacións dos terreos necesarios para executar o enlace da vía Ártabra coa autoestrada AP-9 e que se licitarán as obras de construción previsiblemente no mes de xullo. A conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, confirmou nos medios a licitación e expropiación inmediata.

A este respecto debemos indicar que a Xunta de Galicia non respondeu aínda ás alegacións presentadas polo Concello de Cambre respecto do entronque na Gándara, nin aclarou se ten o beneplácito, por escrito, de Fomento, aceptando a conexión libre de peaxe, nin realizou estudo comparativo das alternativas, nin garante a continuidade da Vía Ártabra cara á A-6.

Dada a transcendencia que para o Concello de Cambre ten a solución que se tome neste asunto.

Dado o contido de calado das alegacións presentadas e a posibilidade, demostrada, de que a solución 2 sexa a máis acertada dende un punto de vista obxectivo.

Dada a obriga de que a decisión que se tome estea avaliada, informada e verificada polo Ministerio de Fomento, en canto a confirmación, mediante *informe resolución*, de que a peaxe se vai permitir que sexa libre, para con iso dar cumprimento ás solicitudes de todos os alcaldes da área en escrito dirixido ao presidente da Xunta e á consellería.

Por todo o anterior propoñemos os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Que se remita a este concello a posición de Fomento sobre a proposta de peaxe libre.

Segundo: De non constar o devandito informe, que se solicite con urxencia dada a transcendencia que ten a resolución do asunto.

Terceiro: Que a consellería comprometa a conclusión do total da Vía Ártabra co treito AP-9 – A-6.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca Grande Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). E abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta: Minuto 02:27:19

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG, en apoio á convocatoria de folga xeral para o 19 de xuño de 2018. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Faise constar que os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), non manifestaron publicamente o sentido do seu voto, polo que, para os efectos do cómputo da votación, considéranse os votos como abstención.

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal do BNG en apoio á convocatoria de folga xeral para o 19 de xuño de 2018

Acceso á videoacta: Minuto 02:29:48

Rexistrada de entrada ao núm. 0/3715 o día 29 de maio de 2018.

Faise constar que, se ben don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, dá lectura parcialmente ao texto da moción, manifestando a súa intención de non alongar en demasía a duración da sesión, a continuación consta transcrito o texto íntegro presentado no Rexistro de Entrada municipal para o seu debate e votación:

“A Confederación Intersindical Galega (C.I.G.) ten convocada folga xeral para o próximo 19 de xuño, baixo o lema *Sumado loitas-Sobran razóns*. Pola recuperación dos nosos dereitos. En Galicia, emprego, salarios e pensións dignas.

As decisións políticas adoptadas dende o inicio da crise económica téñense demostrado un auténtico roubo e saqueo á clase traballadora e ao conxunto do pobo galego.

A recuperación económica da que se fai propaganda a diario non existe, é só para as persoas ricas, que aumentan a súa riqueza a conta dun empobrecemento xeral.

Medra o paro e baixa a poboación activa. A taxa de paro é do 15,08%, maior que no ano 2009.

Ter un traballo non permite vivir en condicións dignas. As pensións non garanten poder adquisitivo. As reformas do sistema público de pensións, do 2011 e 2013, fan que en Galicia teñamos as pensións máis baixas do Estado español.

A reforma laboral impón pobreza laboral, non hai creación de emprego, hai precariedade, contratos de traballo en condicións escravizantes, a tempo parcial e salarios miserentos que tan sequera chegan ao salario mínimo interprofesional.

Cada día son máis persoas no desemprego que non perciben ningún tipo de ingresos. Non para a emigración de xente nova, deixando sen futuro á sociedade galega.

Medran os sectores sociais abandonados polas administracións ante os recortes sociais e privatizacións dos servizos públicos, do ensino, sanidade, servizos sociais, etc.

Criminalizan, reprimen, encadean a quen se mobiliza, quen exerce a liberdade de expresión, quen defende os dereitos da clase traballadora e quen loita polos dereitos das nacións que integramos o Estado español.

O Goberno de Feijóo non toma iniciativas ante esta grave situación, sométese a estas políticas decididas en Madrid e Bruxelas, actuando só en favor dos Fondos de Investimento, que acumulan máis riqueza en menos mans, lonxe de Galicia.

O Goberno español do PP, en minoría parlamentaria, chego de corrupción e con total impiedade, reforza os recortes nos Orzamentos do Estado, mentres as teóricas forzas de esquerda española son incapaces de poñerse de acordo para botalos das institucións, e acabar con todas estas reformas laborais e sociais que tanto dano fan.

Non se pode agardar máis. Está en xogo evitar que as novas xeracións vivan en peores condicións que as anteriores.

A folga xeral é a resposta necesaria da clase traballadora para demostrarlle ao poder económico e político a nosa disposición de loitar pola recuperación dos nosos dereitos e por un futuro digno.

Para esixir a derogación das reformas laborais e da negociación colectiva. Debilitan á clase traballadora, precarizan o emprego, establecen novas formas de explotación laboral.

Para conseguir avances reais para as mulleres. A folga do 8 de marzo debe traducirse no remate da fenda salarial, da temporalidade, do acoso sexual e laboral, das discriminacións por maternidade... A senteza da Audiencia de Navarra confirma que a violencia de xénero está instalada en todos os aparatos do Estado.

Para defender as pensións públicas. O PP non pode desoír o clamor social de pensións dignas. É a mellor defensa ante a próxima reforma do Pacto de Toledo. As medidas anunciadas nos orzamentos son un engano, se non se derrogan as reformas de 2011 e 2013, o roubo ás pensións seguirá.

Contra os abusos da patronal, reforzada con estas políticas antiobreiras, paralizada a negociación colectiva, atacan as nosas condicións laborais e salariais, impón convenios estatais que non satisfán as nosas reivindicacións de emprego e salarios dignos.

Para frear as duras políticas do PP contra os/as desempregados/as. O Goberno de Raxoi prepara un novo recorte ao sistema de protección por desemprego, unificando as prestacións asistenciais para reducir o tempo e as contías dos subsidios.

Para acabar cos recortes sociais e a privatización de servizos públicos, lograr a derogación da LOMCE e da Lei de saúde da Xunta de Feijóo. Para que o ensino e a sanidade sigan sendo galegas, públicas, universais, gratuítas e de calidade.

Para impedir o retroceso nas liberdades democráticas e nos dereitos fundamentais, da Lei mordaza e da última reforma do Código Penal.

Pola rexeneración democrática fronte á corrupción actual, ante a crise política e institucional do réxime imposto coa Constitución do 78, que pretenden perpetuar a toda costa.

Por solidariedade e unidade da clase traballadora. Cómpre rachar a dupla realidade dentro da clase traballadora, de explotadas e sobreexplotadas. A precariedade e a pobreza laboral pódense facer imparables.

Para conquistar o dereito a vivir e traballar dignamente na nosa terra. Para que a riqueza dos nosos recursos se utilicen para industrializar, crear postos de traballo dignos e mellores servizos públicos. Para que a nosa emigración poida retornar.

Por todos estes motivos a CIG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Manifestar o apoio da Corporación municipal a estas reivindicacións e animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta folga xeral do 19 de xuño de 2018.”

Acceso á videoacta: Minuto 02:30:45 – Faise constar que durante a lectura da moción auséntase da sesión dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, que se reincorpora durante a lectura da moción seguinte, presentada por Ciudadanos.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os catro concelleiros presentes neste momento de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca Grande Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Faise constar que os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), non manifestaron publicamente o sentido do seu voto, polo que, para os efectos do cómputo da votación, considéranse os votos como abstención.

O Pleno municipal, por dous votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta: Minuto 02:34:08

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por Ciudadanos para a retransmisión da ópera *La Lucía*, habilitando un espazo adecuado en Cambre. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes neste momento de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción de C's para a retransmisión da ópera *La Lucía*, habilitando un espazo adecuado en Cambre

Acceso á videoacta: Minuto 02:34:36

Rexistrada de entrada ao núm. 999/260 o día 25 de maio de 2018, xunto con outra moción presentada para este pleno.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“O Teatro Real de Madrid celebra este ano o seu 200 aniversario.

No marco das celebracións deste aniversario, e o vixésimo da súa reapertura en 1996 (2016-2018), o Teatro Real iniciou hai uns anos un programa para achegar a ópera á cidadanía e romper algunhas das barreiras tradicionais no acceso a esta forma de arte. Así podemos ver algunhas das súas producións a través de retransmisións a nivel nacional en institucións e centros culturais e artísticos de toda España, ademais de en pantallas situadas en prazas, rúas e demais lugares públicos.

O 30 de xuño do ano pasado, o Teatro Real puxo en escena unha das óperas máis representadas en todos os escenarios do mundo: *Madama Butterfly*. Case 120.000 persoas viron a ópera de Puccini nos máis de 250 puntos de emisión en toda España: museos, auditorios, teatros, prazas, xardíns, praias, centros culturais, prazas de touros, cine clubs e outros espazos habilitados para a retransmisión da ópera. Outros 800.000 espectadores seguiron a retransmisión a través de plataformas dixitais en aberto.

Este ano, a obra elixida para a súa emisión o 1 de xullo é *Lucía di Lammermoor*, a obra maestra de Gaetano Donizzeti, baseada nunha novela do gran autor escocés Sir Walter Scott.

La Lucía, como se lle coñece informalmente, foi a última obra representada na primeira tempada do Real e pechará tamén a tempada deste 200 aniversario.

Estreada en 1835 en Nápoles, acadou fama tan pronto, que aparece mencionada incluso en dous das grandes novelas do século XIX, *Madame Bovary* de Flaubert e *Anna Karenina* de Tolstoi. *La Lucía* de Donizzeti é unha das óperas máis coñecidas e representadas e, talvez, a que mellor representa o perfecto melodrama romántico tan típico do século XIX.

O Teatro Real facilitará o sinal, de forma gratuíta, aos municipios que así o soliciten a partir do día 4 de xuño. Os municipios interesados só deben prover a pantalla e o lugar adecuado para a súa instalación ou un centro cultural ou similar no que facer a retransmisión. Esta será en alta definición e poderá recibirse por satélite e internet. O Teatro Real facilitará todo o apoio técnico necesario para isto.

Trátase dunha oportunidade excepcional para achegar esta produción –e outras no futuro– aos cidadáns do noso municipio e participar dun dos grandes acontecementos culturais deste ano no noso país.

Por iso, propoñemos ao Pleno o seguinte **ACORDO**:

Que o Goberno municipal de Cambre leve a cabo todas as xestións precisas para sumarse a esta iniciativa e poñer os medios necesarios para que os nosos veciños poidan gozar en directo da retransmisión de *Lucía de Lammermoor* o vindeiro 1 de xullo.”

Acceso á videoacta: Minuto 02:37:20 – Faise constar que, finalizada a lectura da moción e antes do seu debate, o señor alcalde anuncia que non lle é posible continuar presidindo a sesión, polo que cede a presidencia a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, primeiro tenente de alcalde.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes neste momento de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca

Grande Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta: Minuto 02:39:05 – Faise constar que se ausenta da sesión don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC, que se reincorpora á sesión unha vez votada a urxencia da seguinte moción.

Acceso á videoacta: Minuto 02:39:14

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por Ciudadanos en relación co pago da taxa de recollida de residuos. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os tres concelleiros presentes neste momento de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción de C's para a supresión da duplicidade do pago de taxa de recollida de residuos, para aqueles profesionais que destinan unha parte do seu domicilio habitual a unha actividade profesional non industrial

Acceso á videoacta: Minuto 02:39:41

Rexistrada de entrada ao núm. 999/260 o día 25 de maio de 2018, xunto con outra moción presentada para este pleno.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), dá lectura á moción co seguinte teor literal:

"As taxas son un tributo propio, que os concellos cobran pola prestación de servizos de competencia local cando estes sexan de solicitude ou recepción obrigatoria e, ademais, non serán susceptibles de ser prestadas por parte da iniciativa privada (artigos 20 a 27 da Lei reguladora das facendas locais).

No ámbito ambiental, a Axencia Europea do Medio define as taxas de cobertura de gastos, como aqueles tributos deseñados para que os que fagan o uso do medio paguen total ou parcialmente o gasto deste uso.

Especificamente diferencian as taxas de usuario como aquelas onde os usuarios pagan por un servizo específico (AEMA, 1997,21). Tal sería o caso da taxa pola recollida e tratamento dos residuos urbanos.

Para estes efectos, e máis concretamente a taxa de recollida de lixo, constitúe unha taxa de prestación deste servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos nos concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada, o seu transporte aos centros de eliminación e posterior tratamento.

Enténdese por recepción obrigatoria o servizo prestado a todos os establecementos comerciais, industriais, profesionais ou doutros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de que estean ou non, habilitados ou utilizados.

A ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos do Consorcio das Mariñas di:

- no seu art. 2º.5

“... As altas no padrón da taxa, poderanse producir a partires da información contida no catastro inmobiliario, datos do IAE, ou calquera outra fonte a que teña acceso esta administración.”

- e no seu ar. 4º.4:

“No caso de realización dunha actividade económica nun inmoble de uso residencial, entenderase que é obxecto de tributación tanto a vivenda como a respectiva actividade económica. Se os metros afectos a actividade supoñen un 30% ou menos dos metros considerados na ficha de datos catastrais, no referente á actividade poderase aplicar a tarifa 17.6 doutros non clasificados”.

Isto quere dicir que, no caso dos pequenos autónomos que destinan unha parte do seu domicilio habitual a unha actividade profesional non industrial, duplícase a imposición.

Por todo o anteriormente exposto, C's Cambre propón ao Pleno desta Corporación o seguinte **ACORDO**:

Único: Que o alcalde do Concello de Cambre, como representante do municipio no Consorcio das Mariñas, traslade ao Pleno do Consorcio a supresión da duplicidade do pago da dita taxa para aqueles profesionais que destinan unha parte do seu domicilio habitual a unha actividade profesional non industrial.”

Faise constar que don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, en representación do equipo de goberno, propón modificar a proposta de acordo no sentido de que se traslade ao Consorcio a realización dun estudo sobre a supresión da duplicidade.

Dona M^a José García Hidalgo, como grupo propoñente da moción, acepta a modificación, sempre que ese estudo se realice á maior brevidade posible.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa modificación na redacción do acordo proposta polo equipo de goberno respecto da realización dun estudo, votan a prol os catro concelleiros presentes neste momento de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Único: Que o alcalde do Concello de Cambre, como representante do municipio no Consorcio das Mariñas, traslade ao Pleno do Consorcio a realización dun estudo, á maior brevidade posible, para a supresión da duplicidade do pago da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos, para

aqueles profesionais que destinan unha parte do seu domicilio habitual a unha actividade profesional non industrial.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta: Minuto 02:50:48

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Quedan reservadas a esta Alcaldía as competencias que o artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, atribúe ao órgano de contratación na tramitación dos contratos menores, respecto do informe motivando a necesidade do contrato, así como a comprobación de que quedou xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro do dito artigo.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal respecto da modificación das delegacións, publicar esta resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, tendo en conta que a modificación será efectiva dende o momento da posta en coñecemento á Xunta de Goberno Local.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1077/2018, do 31 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Josefa Vázquez Soto os días 4 e 5 de xuño de 2018, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 02:52:56

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/262 o día 28 de maio de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 02:53:02

Lee o rogo dona M^a Jesús González Roel.

Teñen sido varias as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se interesa, a requirimento dos nosos veciños, polo estado das fontes e lavadoiros así como o resto de mobiliario público municipal, debido ao lamentable estado no que se atopa a gran maioría deles.

Nesta ocasión, as queixas veciñais céntranse no lavadoiro e a fonte de Anceis, así como no banco existente no dito lugar. Tal e como demostran as fotografías que se achegan, o estado do lavadoiro e a fonte non son todo o desexables, o contorno atópase invadido pola maleza e o banco existente no lugar está roto e oxidado.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, solicítase do equipo de goberno a adopción das medidas pertinentes para resolver á maior brevidade posible as deficiencias advertidas polos nosos veciños.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:54:55

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

Así mesmo, os veciños de Sigrás e os usuarios da Escola de Música municipal alértannos de deficiencias existentes no edificio e na praza de acceso a este.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan co presente rogo, as luminarias metálicas existentes na praza están elevadas respecto do solo no que se atopan enclavadas, converténdose nun potencial perigo, para sobre todo os nenos que acoden á dita praza.

De igual forma, advírtesenos que algunhas das lousas que cobren a fachada da Escola de Música municipal corren risco de desprendemento, o que tamén debería ser corrixido á maior brevidade posible.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite da concelleira de Obras que se adopten as medidas pertinentes para resolver os problemas advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:55:44

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

Tanto o pequeno comercio como as pequenas empresas son un valora fundamental no ámbito municipal, non só por ser un motor imprescindible da economía local, contribuíndo á xeración de emprego e riqueza, senón porque inflúen de maneira directa nas comunidades nas que están asentadas, contribuíndo ao aumento poboacional, ofrecendo un servizo aos consumidores e usuarios e axudando a conseguir un sentido de comunidade. Ao ser gran parte delas negocios familiares que ofrecen produtos ou servizos de calidade e proximidade, son en moitas ocasións preferidas polos veciños á hora de tomar as súas decisións de gasto.

Cando os residentes compran no comercio local ou contratan servizos con empresas locais, os seus impostos quédanse dentro da economía municipal. Faise por iso necesario que as administracións locais se tomen en serio o impacto non só económico, senón tamén social e poboacional que xeran, adoptando medidas de apoio e programas de impulso cara ás pequenas empresas.

Se ben é certo que é responsabilidade do empresario facer fronte ás dificultades e retos que leva consigo a empresa, non menos o é que o comercio electrónico, a crise económica e o impacto das grandes superficies están afectando de maneira tan negativa ás pequenas empresas e establecementos locais que se fai necesario arbitrar estratexias de apoio e axuda por parte dos responsables públicos ou concellos, pois non pode esquecerse que a súa supervivencia económica depende, así mesmo, das empresas establecidas no seu territorio.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

No ano 2013 e seguindo estes criterios e razoamentos, o Goberno do PP creou a primeira plataforma dixital de empresas de Cambre, que contaba con máis de 300 pequenas empresas participes e que foi suprimida de forma fulminante polo Goberno de UxC e PSOE no momento en que máis necesaria era. A dita decisión nunca foi entendida polos operadores económicos e menos aínda por este grupo municipal, quen en varias ocasións e durante tres anos ten requirido ao Goberno cambrés para que poña en marcha unha nova plataforma empresarial con melloradas ou idénticas características, como medio de cooperación empresarial e participación activa dos empresarios a través das técnicas activas de promoción que ofrecen as novas tecnoloxías.

É por iso que, tralas sucesivas promesas incumpridas, requírese por cuarta vez ao alcalde de Cambre a á súa concelleira delegada de Promoción Económica a poñer de novo en marcha a dita plataforma dixital de empresas como medio de chegar ao potencial cliente, dotándoa de medios que permitan ás empresas adoptar ou modernizar técnicas de xestión on-line, marketing dixital e posicionamento web, fundamentais para competir nun mercado cada vez máis dominado polas grandes superficies.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que agardan poder licitar a plataforma dixital o antes posible, e dá conta das incidencias que motivaron o atraso desta medida.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/3677 o día 28 de maio de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:58:35

Lee o rogo dona M^a Olga Santos López.

Coa chegada do verán, é de interese que os montes e soares existentes no concello se atopen nun adecuado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada. Aínda que este é un deber que teñen os propietarios de terreos durante todo o ano, nestas datas cobra unha especial relevancia motivado no risco de incendios.

Distintas normas e leis regulan estas obrigas, pero correspóndelle o concello ordenar as execucións das obras necesarias para conservar aquelas condicións.

Pregamos nos informen das medidas e campañas realizadas polo Goberno local, con base nas normativas establecidas polo Goberno autonómico.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que isto non é un rogo, senón unha pregunta, e ofrece á concelleira de ACdC-SON falar deste tema á saída do pleno, ou en calquera outro momento que llo soliciten.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 03:07:21

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Como consecuencia das repetidas queixas das veciñas e veciños de Cambre, dende o noso grupo xa preguntamos en diversas ocasións polo estado dos tendidos, tanto telefónico como eléctrico do noso concello.

Volvemos a interesarnos por esta cuestión, nun novo intento de facer ver a responsabilidade que as compañías teñen no caso dun accidente porque un cable está moi próximo a peóns, casas ou coches.



Pregamos se leve dende o Concello de Cambre un acordo coas ditas entidades responsables para que como rutina obrigada despois de tormentas ou de forma periódica no tempo revisen e reparen os danos nas liñas que sobrevoen os termos no noso concello.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta que non hai un acordo como tal, e dá conta dos pasos que se seguen cando se producen avarías deste tipo nos tendidos de Fenosa e Telefónica.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 03:10:24

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Despois de 3 anos pedindo que a entidade responsable do mantemento do paseo fluvial, Augas de Galicia, fixera o seu traballo de reparación de danos e limpeza do curso fluvial e arredores do río Mero, observamos que non só non se fixo nada, senón que agora no seu tramo máis próximo ao pantano, os camiñantes deben abandonar o camiño po mor dunha casa en estado perigoso.

O noso grupo considera estes feitos absolutamente inaceptables e baseándose niso:

Pregamos que dende o Goberno municipal se actúen en consecuencia co fin de asegurar o uso e goce do paseo fluvial dun xeito seguro.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta o rogo.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/263 o día 28 de maio de 2018.

Único rogo - Acceso á videoacta: Minuto 03:12:49

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Algunhas asociacións veciñais fixéronnos chegar as súas queixas polo exceso de plantas ornamentais que invaden a vía pública, sobre todo naquelas vías máis estreitas.

Propoñemos que todas aquelas plantas, arbustos, árbores ou calquera outro tipo de ornamento que se atope máis aló do peche dunha propiedade invadindo parte da vía pública, poidan se considerados de uso público e, polo tanto, se poidan limpar as vías con máis facilidade e seguridade, dando maior visibilidade aos condutores e seguridade aos peóns.

Así mesmo, todas aquelas ramas de árbores ou arbustos que atopándose dentro dunha propiedade estean sobrepasando a vertical do peche da dita propiedade, sexan limpadas polos seus propietarios.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, non acepta o rogo.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta: Minuto 03:17:18

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/262 o día 28 de maio de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - *Acceso á videoacta:* Minuto 03:17:23

Lee a pregunta don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

Foron moitas as ocasións nas que os nosos veciños nos manifestaron as súas queixas respecto do estado no que se atopan as instalacións deportivas municipais. Nesta ocasión, son os veciños de Cecebre os que nos alertan do estado de deixamento que amosa o campo de fútbol da Balastreira. Das fotografías que se achegan co presente rogo apréciase a situación de abandono, ata o punto que a maleza ten acadado unha altura considerable, facéndoo impracticable para calquera tipo de deporte ou actividade.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro de Deportes que medidas se teñen previstas dende a mencionada concellería (se é que hai algo previsto) para que o dito espazo público poida volver a ser utilizado polos nosos veciños.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, contesta a pregunta.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta:* Minuto 03:19:05

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

Nos últimos días tivemos coñecemento de que polo menos dúas veciñas da cambresa parroquia do Temple sufriron caídas na vía pública como consecuencia da existencia de arquetas mal colocadas ou sobresaíntes.

A estas caídas deben engadirse as producidas como consecuencia do estado das nosas rúas e vías públicas provocadas pola falta de limpeza e falta de eliminación do verdello que nos últimos meses acampou no noso municipio.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se solicite do equipo de goberno que informe en sede plenaria sobre as caídas contabilizadas no noso municipio dende o pasado mes de novembro ata a actualidade por estes dous motivos: arquetas en mal estado e falta de limpeza ou verdello nas nosas vías públicas, con inclusión das súas consecuencias finais nos prexudicados e as eventuais reclamacións de responsabilidade patrimonial presentadas contra o noso concello.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta:* Minuto 03:21:01

Lee a pregunta don Juan M^a Abalo Castex.

Con gran despregue mediático, como segue sendo costume, o Goberno municipal de Cambre informou da posta en marcha das actividades de roza no noso municipio o día 22 do presente mes de maio.

Para iso, segundo palabras do señor alcalde, Óscar García Patiño, aos diferentes medios de comunicación, “*O executivo fixo un proceso de selección de dous operarios e catro condutores na súa aposta por continuar coa municipalización do servizo de limpeza das vías públicas de titularidade municipal*”, para continuar manifestando que “*houbo certo atraso debido ao proceso de selección de persoal*”.

Ante o descoñecemento das condicións e circunstancias nas que se desenvolveu o dito proceso selectivo, dende o Grupo Municipal Popular se solicita ao concelleiro competente na materia de Recursos Humanos que informe ao Pleno de Cambre sobre o dito proceso selectivo, comprensivo da publicación das bases da convocatoria pública, principais características da dita convocatoria e das súas bases, número de prazas ofertadas, procedemento de selección utilizado, probas de selección levadas a cabo, cumprimento das obrigas de transparencia no desenvolvemento do dito procedemento, resultado do proceso e demais datos que se consideren de interese respecto do proceso de selección de persoal levado a cabo na remunicipalización do servizo de roza.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/3677 o día 28 de maio de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:22:51

En aplicación do disposto no artigo 115.1.g) do Regulamento orgánico municipal, dona M^a Olga Santos López retira a primeira pregunta presentada por escrito para este pleno, co fin de substituíla pola seguinte formulada oralmente:

Coa chegada do verán, é de interese que os montes e soares existentes no concello se atopen nun adecuado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada. Aínda que este é un deber que teñen os propietarios de terreos durante todo o ano, nestas datas cobra unha especial relevancia motivado no risco de incendios.

A Consellería de Medio Rural informa que calquera veciño pode denunciar, a partir de mañá, a existencia de parcelas cubertas de maleza.

O pleno pasado xa trouxemos este tema a partir da idea de bombeiro de buscar aos propietarios por parte do equipo de goberno a través da técnica do chivatazo. Como evidentemente non queren falar deste tema, e soamente lle van contestar a unha pregunta, vai lanzar preguntas ao aire e finalmente fará unha pregunta para que lle contesten.

Das 99 fincas que estaban sen identificar, si que lles gustaría saber cantas, coa técnica do chivatazo, conseguiron identificar.

A partir de mañá a Consellería de Medio Rural comeza, primeiro a apercibir e despois a multar aos propietarios que no rocen a biomasa nos perímetros, con 50 metros de ancho, de solo urbano, urbanizacións, núcleos rurais, instalacións industriais, gasolinerías ou edificacións solitarias en solo rústico.

Son os concellos os que teñen que comprobar se os seus veciños limparon esas franxas de seguridade. A obriga dos concellos, recollida por lei, é asumir a roza das parcelas de forma subsidiaria e, neste caso, denuncialos ante a Consellería de Medio Rural para que inicie o expediente sancionador que pode acabar nunha multa de ata 3000 euros, máis gastos de limpeza ou incluso o comiso do arborado retirado.

Outra pregunta ao aire, para mañá van estar despexadas as franxas de seguridade? Esta non pretende que lla contesten, porque a resposta e non.

Concorre Cambre a algunha das liñas de subvención para axudar aos concellos? A Xunta de Galicia habilitou 11 millóns, se non se equivoca, por convenios de prevención e extinción, e 6 millóns de euros para colaborar na xestión de biomasa de franxa de seguridade.

E a pregunta que lle gustaría que lles contestaran, se pode ser neste pleno, senón no seguinte, tal e como establece o ROM:

Poden informarnos das medidas e campañas realizadas polo Goberno local, con base nas normativas establecidas polo Goberno autonómico?

O señor presidente contesta que queda para a seguinte sesión.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:28:45

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

No pleno ordinario do mes de abril, o noso grupo municipal, trasladou ao Goberno a necesidade que, como consecuencia do perigo na incorporación á N-550 en Altamira de Arriba fronte a Fonte, entendíamos que existía de instalar un espello convexo para facilitar a dita incorporación. A concelleira responsable recoñeceu o dito perigo e desaconsellou, asesorada pola Policía a instalación dun espello, aínda que si, duns bolardos que impidiran o aparcamento de vehículos na marxe dereita da estrada, para así, facilitar a visibilidade e incorporación.

Tendo en conta que o perigo da saída foi observado polo noso grupo a instancia dos usuarios e recoñecido pola propia concelleira, non entendemos como un mes despois non teñen sido colocados os bolardos comprometidos ou o espello demandado.

Poden informarnos das causas da demora, así como da previsión da instalación do elemento de seguridade que consideren oportuno para reducir o perigo á incorporación á vía?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:30:16

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Tendo en conta que, segundo informa o Goberno, vanse repintar diferentes elementos de seguridade viaria como pasos de peóns e, ante a demanda veciñal de repintado de liñas en xeral que delimiten a estrada, o noso grupo municipal pregúntase se o Goberno contempla esta posibilidade e demanda veciñal e se ten programado algunha actuación a este respecto.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada de Servizos, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e trinta e dous minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
Mª Luisa de la Red Ampudia